

## **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2022.**

### **ASUNTO:**

**APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2022. (EXPTES.-2022025286. - 2022016173 ).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2022, asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 19 de abril de 2022, na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, cuxo contido é o seguinte:

*“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/21), por importe de 799.083,25 euros e suplementos de créditos (SUP.02/21), por importe de 1.529.970,87 euros.*

*Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose: por unha parte os suplementos de créditos (SUP.02/21) con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes as “maiores achegas” do Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas SII IVE 2017, “compensación por reforma I.A.E. 2017, D.A. 86ª LEI 22/2021), por importe de 1.529.970,87 euros ; e os créditos extraordinarios (EXT.02/21) finánciase con “baixas por anulación” das aplicacións: 22/942-9420-762.99, pola cantidade de 789.083,25 euros, e da aplicación 22/942-4330-226.06, por importe de 10.000,00 euros.*

*Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 19 de abril de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.*



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2022 da Deputación de Pontevedra por importe de 1.529.970,87 euros. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/22), por importe de 799.083,25 euros, suplementos de créditos (SUP.02/22) por importe de 1.529.970,87 euros, e baixas por anulación que financian os créditos extraordinarios por importe de 799.083,25 euros . O Detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

#### 1. Créditos Extraordinarios “EXT. 02/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4314-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, _ <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b> (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	21.599,94 €
240-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b> (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	71.999,81 €
240-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b> (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	26.346,53 €
240-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b> (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	64.799,83 €
240-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b> (PROX.: 92210002 DA TÚA MAN 22).	199.044,49 €
433-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ <b>TURISMO</b> (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	64.799,83 €
433-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ <b>TURISMO</b> (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	8.909,98 €
433-4314-626,01	EQUIPOS PROCESO DE INFORMACIÓN, _ <b>TURISMO</b> (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	48.599,87 €
433-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ <b>TURISMO</b> (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	48.599,87 €
22/433-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ <b>TURISMO</b> (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	224.136,45 €
410-4191.227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS _ <b>M. AMBIENTE</b> (PROX. 2200001 DEPOFOREST).	10.246,65 €
942-4330-481,02	PREMIOS EMPRENDEMENTO_ <b>COOPERACIÓN</b> .	10.000,00 €
	<b>Total Créditos Extraordinarios...</b>	<b>799.083,25 €</b>



### Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 02/22:

O expediente finánciase con baixas por anulación: os proxectos: 92210002 DA TÚA MAN 22; 92210001 - COMMERCE INSIDE\_22 e 2200001 DEPOFORES, con baixas a aplicación 22/942-9420-762.99 e os importes correspondentes aos "PREMIOS EMPRENDEMENTO\_ COOPERACIÓN", con baixas da aplicación 22/942-4330-226.06.

Contabilizándose as seguintes operacións:

<b>APLICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
942-4330-226.06	REUNIÓNS, CONFERENCIAS E CURSOS (CONVENIO MILLENIALS + GASTOS AEDL LALÍN) - <b>COOPERACIÓN</b>	-10.000,00 €
942-9420-762.99	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS - <b>COOPERACIÓN</b>	-789.083,25 €
	<b>Total Baixas por Anulacións...</b>	<b>-799.083,25 €</b>

### 2. Suplemento de Crédito "SUP. 02/22":

<b>APLICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
232-2312-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, <b>_C.P.FELIPE</b>	144.232,04 €
324-3243-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <b>_ESCOLA DE CANTEIROS</b>	51.000,00 €
333-3330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <b>_ MUSEO PROVINCIAL</b>	693.150,00 €
410-4120-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, MOURISCADE <b>_M. AMBIENTE</b>	93.000,00 €
413-4123-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <b>_ E. F. AREEIRO</b>	68.500,00 €
456-4530-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <b>_ INFRAESTRUTURAS</b>	23.590,00 €
923-1623-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, REVITALIZA <b>_ ASISTENCIA INTERMUNICIPAL</b>	2.300,00 €
932-9320-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <b>_ ORAL</b>	58.185,00 €
942-4330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, VIVEIROS <b>_ COOPERACIÓN</b>	10.436,00 €
232-2312-221,03	SUBMINISTRO DE CONBUSTIBLES E CARBURANTES <b>_C.P.FELIPE</b> (Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR)	185.004,69 €
232-2312-213,00	REPARACIÓN M. CONSERVACIÓN, MAQUINARIA INST. E UTILAXE <b>_C.P.FELIPE</b> (Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR)	1.763,84 €
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN, MELLORAS <b>_C.P.FELIPE</b> (Actualización proxectos: CEIP Daría García González 50.645,31 €; Substitución de celosías carpinterías de aluminio escaleiras edificios do CPF 20,567,23€; Escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar 53,859,44€; Baños no CEIP Daría García González 39,737,32€; Sala lúdica con xogos infantís adaptados a persoas con diversidade funcional 34.000,00€)	198.809,30 €
	<b>Total Suplementos de Créditos...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>

### Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/21:



O expediente finánciase con parte dos maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores achegas do Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas SII IVE 2017, "compensación por reforma I.A.E. 2017, D.A. 86ª LEI 22/2021).

**Contabilizándose as seguintes operacións:**

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,11	P.T.E., Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas IVE 2017, "compensación por reforma I.A.E. 2017", D.A. 86ª LEI 22/2021")	1.529.970,87 €

**Resumo do expediente:**

TOTAL SUPLEMENTOS...	1.529.970,87 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	799.083,25 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-799.083,25 €
SUMA...	1.529.970,87 €

**O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:**

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

Capítulo 4º Transferencias correntes.	1.529.970,87 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	1.529.970,87 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	1.529.970,87 €

**ORZAMENTO DE GASTOS.**

Capítulo 1º Gastos de persoal.	224.136,45 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.525.064,31 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	10.000,00 €
Capítulo 6º Inversións reais.	559.853,36 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	-789.083,25 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	1.529.970,87 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	1.529.970,87 €

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 02/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/22), por importe de 799.083,25 euros e



*suplementos de créditos (SUP.02/22) por importe de 1.529.970,87 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

*As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.*

*Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 19 de abril de 2022, e conformada polo Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2022, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG, e coa abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

